**26 | NOVEMBRO 2019**

# NUMAX PRESENTA:





## *Los errantes*
**Olga Tokarczuk**
ANAGRAMA
20,90€

Unha complexa trama arredor da viaxe e da anatomía humana que indaga nas múltiples traxectorias que efectúa —e constitúe— un corpo. Tokarczuk zigzaguea inqueda a través da fronteira entre a novela e o ensaio, cartografando un territorio literario móbil e brillante.



***El aconteci-miento***
Annie Ernaux
TUSQUETS 17,00€



***Carrusel***
Berta Dávila
GALAXIA 14,70€



***El club de lectura de David Bowie***
John O'Connell
BLACKIE BOOKS
19,90€



***Cómo ser una buena criatura***
Sy Montgomery
ERRATA NATURAE
22,90€



***Panfleto***
María Moreno
RANDOM HOUSE
17,90€



***El subsuelo***
David W. Wolfe
SEIX BARRAL
20,00€



***Sonidos de marte***
David Stubbs
CAJA NEGRA
26,00€

**8 DE NOVEMBRO DÍA DAS LIBRARÍAS**

## Presentacións



**XOV 7 |** 20:00
*Fast* (CANALLA EDICIONES) de **Hugo Clemente,** con **Claudio Villar**



**VEN 8 |** 20:00
*Les blanques fogueres* (EXPEDICIONES POLARES) con **Fran Gayo**





**SAB 30 |** 19:00
*Escribir y dibujar, en el fondo, no son lo mismo* (EDICIONES ASIMÉTRICAS), con **Anxo Rabuñal, José Luis Gallero** e **Martí Peran**





FACEBOOK - INSTAGRAM - TWITTER
cineuropa.gal

CONCELLO DE SANTIAGO · CONSORCIO DE SANTIAGO · Deputación DA CORUÑA









## LUX FILM DAYS
**Proxeccións simultáneas en toda Europa |** Entrada gratuíta

### EL REINO
**PASE ÚNICO 7 NOV | 20:00**
**Rodrigo Sorogoyen, 131', ESP, VO, +12**
Con Antonio de la Torre, Luis Zahera
**7 Goyas da Academia**

### COLD CASE HAMMARSKJÖLD
**PASE ÚNICO 8 NOV | 20:00**
Mads Brügger 128', DAN, VOSE
**Mellor Dirección Documental Sundance 2019**

LUX FILM PRIZE · Europa Creativa MEDIA · EUROPA CINEMAS · Parlamento Europeo

## HORARIOS

**Libraría**
**Luns** De 17:15 a 22:00.
**Martes a venres**
De 10:30 a 14:00 e 15:30 a 22:00.
**Sábados, domingos e festivos**
De 11:00 a 14:00 e 15:30 a 22:00.

**Cinema**
Consultar carteleira.
Pódense mercar entradas anticipadas na billeteira do cinema ou na nosa web
**www.numax.org**

# NUMAX
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

EUROPA CINEMAS · CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de AAAAAA Agencia GGGGGG Gráfica



## SORRY, WE MISSED YOU ESTREA 31 OUT

**Ken Loach, 100', ING, VOSE, +12**
Con Kris Hitchen, Debbie Honeywood

Ricky e a súa familia loitan por saír adiante desde a crise de 2008. Un día preséntase unha nova oportunidade, cando aparece unha brillante furgoneta antiga ofrecendo a posibilidade de crear o seu propio negocio.

**Sección Oficial Cannes 2019 / Mellor Filme Europeo Perlas Donostia 2019**



## HISTORIA DUN MATRIMONIO ESTREA 22 NOV

**Noah Baumbach, 136', ING, VOSE**
Con Scarlett Johansson, Adam Driver

Nicole (Scarlett Johansson) é unha actriz que deixou unha prometedora carreira ao coñecer a Charlie (Adam Driver), director de teatro. A historia de amor desta parella irase degradando até levalos ao límite, tanto no persoal coma no creativo.

**Venecia 2019**



Subtítulos traducidos ao galego co apoio da S.X. de Política Lingüística

## OS MISERÁBEIS ESTREA 22 NOV

**Ladj Ly, 100', FR, VOSG**
Con Damien Bonnard, Alexis Manenti

Stéphane acaba de unirse á Brigada de Loita contra a Delincuencia de Montfermeil, un suburbio ao leste de París. Alí coñece os seus novos compañeiros, Chris e Gwada, dous axentes experimentados nas enormes tensións que existen entre os distintos grupos organizados polo control do barrio.

**Premio do Xurado Cannes 2019**
**Candidato por Francia aos Oscar 2019**



Subtítulos traducidos ao galego co apoio da S.X. de Política Lingüística

## O TEMPO CONTIGO

ESTREA 29 NOV

**Makoto Shinkai, 112', XAP, VOSG**

Hotaka Morishima é un estudante de secundaria que se muda a Tokio para deixar atrás a súa vida nunha afastada illa. Alí coñece a Akina Amano, unha rapaza co misterioso poder de manipular e controlar o clima ao seu antollo.

**Perlas Donostia 2019**



## LA HIJA DE UN LADRÓN

ESTREA 29 NOV

**Belén Funes, 102', ESP, VO**
Con Greta Fernández, Eduard Fernández

Sara estivo soa toda a súa vida. Ten 22 anos e un bebé, o seu desexo é formar unha familia xunta o seu irmán pequeno e o pai do seu fillo. Un día sae da cadea seu pai Manuel, que tras anos de ausencia decide reaparecer nas súas vidas.

**Cuncha de Prata Mellor Actriz Donostia 2019**



## IDRISSA, CRÓNICA DUNHA MORTE CALQUERA ESTREA 29 NOV

**Xavier Artigas / Xapo Ortega**
**94', ESP, VOSE, +7**

Idrissa Diallo, moza de orixe africana de 21 anos, morre o 5 de xaneiro de 2012 no CIE de Barcelona. O filme recrea a vida da moza, desde a travesía polo deserto co seu irmán até a súa chegada a España e os sucesos que acabaron coa súa vida.

**Sección Oficial Sevilla 2019**

## Proxección especial Cineuropa en NUMAX



13 NOV | 19:30
Presentación e coloquio con David Trueba |

## SI ME BORRARA EL VIENTO LO QUE YO CANTO

PASES ÚNICOS 12-13-14 NOV

**David Trueba, 89', ESP, VO, +7**
Con Chicho Sánchez Ferlosio

En 1963, baixo a ditadura franquista, dous estudantes suecos viaxan a España para dar a coñecer os movementos en favor da democracia. Contactan cun mozo trovador universitario, Chicho Sánchez Ferlosio, e de regreso a Estocolmo lanzan un disco que se converte nun éxito inmediato.

## Filme do mes



## O IRLANDÉS ESTREA 19 NOV

**Martin Scorsese , 210', ING, VOSE**
Con Robert De Niro, Al Pacino

Frank Sheeran (Robert De Niro), máis coñecido como 'O irlandés', é un asasino a soldo da mafia ao que se lle atribúen máis de 25 crimes. Nos últimos días da súa vida, Sheeran afirma ter estado involucrado no asasinato de Jimmy Hoffa (Al Pacino), poderoso xefe do sindicato de camioneiros.

**Nova York 2019**

## Foco Pier Paolo Pasolini



## O DECAMERÓN PASE ÚNICO 5 NOV

**Pier Pasolo Pasolini, 112', ITA, VOSE, 1971**
Con Franco Citti, Ninetto Davoli

Pasolini recrea co seu persoal estilo os divertidos contos d'*O Decamerón* de Boccaccio. Entre outros temos o relato de Andreuccio de Perugia, que se deixa convencer por uns ladróns para lle quitar un rubí ao cadáver dun arcebispo.

**Premio Especial do Xurado Berlinale 1971**

## Petís NUMAX



## MURMURIOS DO CORAZÓN PASE ÚNICO 23 NOV

**Yoshifumi Kondō, 111', XAP, VOSE, 1995, +7**

Unha moza amante da lectura descobre que todos os libros que retirou da biblioteca foron previamente elixidos por unha persoa. Así coñece a Seiji, un mozo que está a aprender a arte de fabricar violíns. Obra mestra do Studio Ghibli.

## Os ollos verdes
O cinema inédito de NUMAX

USC



## CANDO FOMOS BRUXAS

PASE ÚNICO 25 NOV

**Nietzchka Keene, 78', ING, VOSE, 1986**
Con Björk Guðmundsdóttir, Bryndis Petra Bragadóttir

A finais da Idade Media, a moza Margit e a súa irmá maior Katla foxen ás montañas despois da morte da súa nai, queimada por bruxaría.

**Sundance 1991**

## Imprescindíbeis



## VIVIR PASE ÚNICO 28 NOV

**Akira Kurosawa, 143', XAP, VOSE, 1952**
Con Takashi Shimura, Nobuo Kaneko

Kanji Watanabe é un vello funcionario público de vida gris e monótona.
Un día diagnostícanlle un cancro incurábel e, coa certeza de que a fin dos seus días se aproxima, agroma nel a necesidade de lle buscar sentido á vida.

**Berlinale 1954**